

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32008941	IES Eduardo Blanco Amor	Ourense	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua estranxeira I: Inglés	1º Bac.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	6
3.1. Relación de unidades didácticas	12
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	16
4.1. Concrecións metodolóxicas	48
4.2. Materiais e recursos didácticos	57
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	60
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	60
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	68
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	68
6. Medidas de atención á diversidade	68
7.1. Concreción dos elementos transversais	69
7.2. Actividades complementarias	72
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	74
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	76
9. Outros apartados	77

## 1. Introducción

Esta programación vai dirixida a alumnos/as de BAC do entorno do barrio da Ponte e arredores, sendo este un barrio moi amplo e con unha poboación diversa que cada día acolle máis integrantes de orixe estranxeira polo que a atención á diversidade é de gran importancia.

Os centros adscritos a este instituto son CEIP de Prácticas, CEIP Albino Núñez, Colexio Maristas, Colexio Salesianos.

### COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS:

O departamento de inglés está formado por seis profesor@s que traballan conxuntamente coa finalidade de acadar os mesmos obxectivos na difícil tarefa da ensinanza dunha lingua estranxeira. No seguinte cadro amósase o rol que cada un delas desenrolarán no presente curso:

- Dona Concepción Álvarez Torres: Coordinadora da Sección Bilingüe de 3º de Valores Éticos
- Dona M<sup>a</sup> Mercedes Varela Núñez: Coordinadora do Pluribach
- Dona Montserrat Prieto Carneiro: Xefa do Departamento, coordinadora Auxiliar de Conversa e Coordinadora da Sección Bilingüe de 2º de Física e Química
- Don Germán López Hernández: Coordinador da Sección Bilingüe de 3º de Física e Química
- Don Aitor Devesa Casal
- Don Mario Arias Fernández
- Don John Delaloye: Auxiliar de conversa

### AGRUPACIÓN DO ALUMNADO

No curso 2023-24, o alumnado será dividido nos seguintes cursos e grupos:

- 1º ESO 6 grupos
- 2º ESO 5 grupos

- 3º ESO 4 grupos máis 1 grupo de PMAR
- 4º ESO 4 grupos
- 1º Bach 5 grupos
- 2º Bach 4 grupos.

Este ano, os grupos de ESO son moi numerosos, sendo moi difícil a participación de todos os alumn@s nas actividades de conversa nas clases. Tamén, temos que dicir que, o nivel en lingua inglesa co que chegan os alumn@s á 1º de ESO é moi deficiente, que xunto co número elevado de alumn@s por grupo provoca que haxa moitos alumn@s en 2º de ESO coa nosa materia pendente do curso anterior. Polo que, consideramos necesario que se fagan desdobres de grupos sobre todo nos primeiros cursos, para que os alumn@s acaden un bo nivel en lingua inglesa. De feito, este ano temos desdobres en 1º de ESO.

Ademais, debemos procurar ser algo máis exixentes no último ano de ESO, xa que o paso a bacharelato é difícil e se non van ben preparados, o fracaso é moi probable. Do mesmo xeito, nos cursos de Bacharelato, debemos traballar as destrezas comunicativas dos alumn@s para obter mellores notas no exame da ABAU.

Nas materias bilingües, temos Física e Química (1 grupo de 2º ESO e outro en 3º ESO), Valores Éticos (1 grupo de 3º de ESO), de Filosofía (2 grupos de 1º de Bach.), e de Psicoloxía (1 grupo de 2º de Bach.) Tamén temos en Habilidades Sociais (1º Bach.) e Cineforum (2º Bach.) que se imparten en inglés (PLURIBACH). Nestes casos os profesores das materias en cuestión explican a materia en inglés e tamén nas outras linguas oficiais cando os conceptos son complicados. Os apuntes e os libros de texto son en inglés.

Ademais, este ano impartimos varios grupos de StemBach, o grupo de catro alumn@s de 1º de Bacharelato (traballo de investigación co dirixido coa Universidade de Filoloxía Inglesa e

Tradución da Universidade de Vigo), outros grupos que farán traballos da rama de Bioloxía, tecnoloxía e Matemáticas que queren expor o traballo empregando a lingua inglesa na súa presentación, e outro grupo de investigación sobre lingüística da lingua inglesa.

Tamén, participaremos neste curso no programa de intercambios de EduExchanges. Presentouse un proxecto pedagóxico para a participación de 20 alumn@s de 4º de ESO para participar no proxecto EduExchanges presencial, no que os nosos alumn@s farán un intercambio con alumn@s estranxeiro, que non se puido facer o ano pasado.

## REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

O departamento reunirase periodicamente segundo o fixado nos horarios correspondentes e por suposto sempre que sexa necesario para o bo funcionamento do mesmo.

Tamén se contempla nos horarios dos membros do departamento unha hora de atención a pais con cita por Abalar.

## REUNIÓN DE COORDINACIÓN:

Como xa especificamos no apartado de composición do Departamento, este ano volvemos a contar coa colaboración dun auxiliar de conversa, John Delaloye, que enriquecerá en gran medida as clases prácticas.

Este auxiliar de conversa colabora coas seccións bilingües de Física e Química (1 grupo de 2º ESO e outro en 3º de ESO), Valores Éticos (1 grupo de 3º de ESO), de Filosofía (2 grupo de 1º de Bach.), e de Psicoloxía (1 grupo de 2º de Bach.) Tamén colabora en Habilidades Sociais (1º Bach.) e Cineforum (2º Bach.) que se imparten en inglés (PLURIBACH).

Deste xeito, haberá diferentes reunións de coordinacións do auxiliar de conversa coas diferentes coordinadoras do Departamento de Inglés (coordinadora de Auxiliar de Conversa,

coordinadora de Seccións Bilingües e coordinadora de Pluribach) e coa profesora das materias impartidas en inglés.

Este ano tamén faremos diferentes reunións de coordinación, periódicas e regulares, entre @s docentes dos diferentes niveis do Departamento, para establecer un marco referencial de traballo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos expresados na lingua estándar buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias de inferencia e comprobación de significados para responder ás necesidades comunicativas expostas.	2-3	1-2	1	1	40			
OBX2 - Producir textos orixinais, de crecente extensión, claros, ben organizados e detallados, usando estratexias tales como a planificación, a síntese, a compensación ou a autorreparación, para expresar ideas e argumentos de forma creativa, adecuada e coherente, de acordo con propósitos comunicativos concretos.	1-2-3-4-5	1-2	1	1-2-3	40			32
OBX3 - Interactuar activamente con outras persoas, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1	3	31	3	1-3	
OBX4 - Mediar entre distintas linguas ou variedades, ou entre as modalidades e rexistros dunha mesma lingua, usando estratexias e coñecementos eficaces orientados a explicar conceptos e opinións ou a simplificar mensaxes para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable e crear unha atmosfera positiva que facilite a comunicación.	5	1-2-3	1		31	1-4		
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e variedades, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento, facendo explícitos e compartindo as estratexias e os coñecementos propios para mellorar a resposta ás súas necesidades comunicativas.		2	1	3	11			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, reflexionando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas para actuar de forma empática, respectuosa e eficaz e fomentar a comprensión mutua en situacións interculturais	5	3			31	3		1

**Descrición:**

Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira en Bacharelato supoñen unha profundización e unha ampliación con respecto ás adquiridas ao termo do ensino básico, que serán a base para esta nova etapa e que se desenvolverán a partir dos repertorios e das experiencias do alumnado. Isto implica un maior desenvolvemento das actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación, entendida nesta etapa como a actividade orientada a atender á diversidade e a colaborar e solucionar problemas de intercomprensión e entendemento. A progresión tamén leva unha reflexión máis crítica e sistemática sobre o funcionamento das linguas e as relacións entre as distintas linguas dos repertorios individuais do alumnado. Os obxectivos da materia de Lingua Estranxeira tamén inclúen unha maior profundización nos saberes necesarios para xestionar situacións interculturais e a valoración crítica e a adecuación á diversidade lingüística, artística e cultural, coa finalidade de fomentar a comprensión mutua e de contribuír ao desenvolvemento dunha cultura compartida.

Ademais, o novo modelo educativo baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias. Este incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que haberán de ser demostrados polos alumnos.

Unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes

para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os coñecementos en acción, é dicir, mobilizar os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se aprendeu), activar recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron). Formar en competencias permite a aprendizaxe ao longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento.

As competencias clave identificadas son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresión culturais.

E para cada unha delas, inclúese unha serie de descritores operativos que concretan o progreso esperado na adquisición de cada competencia:

- CCL - Competencia en comunicación lingüística: A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritos, signados ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa,



ética e respectuosa. A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso, o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.

- CP - Competencia plurilingüe: A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

- STEM - Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería: A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (competencia STEM polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñería para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable. A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos. A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a

experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social. A competencia en tecnoloxía e enxeñería comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

- CD - Competencia dixital: A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

- CPSAA - Competencia persoal, social e de aprender a aprender: A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao

futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

- CC - Competencia cidadá: A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable expostos na Axenda 2030.

- CE - Competencia emprendedora: A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e o coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

- CCEC - Competencia en conciencia e expresión culturais: A

competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Great Expectations	<p>Aprender vocabulario relacionado coa educación, collocations con make e take, e verbos seguidos de preposición.</p> <p>Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo sobre un dos colexios máis estritos de Gran Bretaña.</p> <p>Repasar o Present Simple, o Present Continuous, o Past Simple, o Past Continuous, o Present Perfect Simple, o Past Perfect Simple, o Future Simple e be going to.</p> <p>Utilizar de maneira correcta o Present Perfect Continuous e o Present Perfect Simple.</p> <p>Comprender a información clave dunha presentación sobre estilos de aprendizaxe e unha entrevista sobre aplicacións de móbil para axudar a estudar.</p> <p>Falar sobre os resultados dun cuestionario e comparar fotografías.</p> <p>Redactar un correo electrónico informal, utilizando os adverbios correctamente.</p> <p>Pronunciar correctamente as letras &lt;gh&gt;.</p> <p>Identificar a sílaba acentuada para pronunciar as palabras correctamente.</p> <p>Afianzar estratexias para a realización de exames.</p>	10	14	X		
2	Into the Future	<p>Aprender vocabulario relacionado coa tecnoloxía, os phrasal verbs e as</p>	10	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Into the Future	<p>collocations.</p> <p>Ler de maneira comprensiva e autónoma unha entrada de blog sobre os deportes electrónicos.</p> <p>Utilizar de maneira correcta o Future Perfect Simple e o Future Continuous.</p> <p>Comprender a información clave dun pódcast sobre un lugar pouco corrente e unha visita guiada a un museo.</p> <p>De maneira oral, especular e realizar unha entrevista persoal.</p> <p>Redactar un artigo de opinión, empregando as conxuncións causais e consecutivas correctamente.</p> <p>Pronunciar correctamente os sons /i/ e /ai/, e as palabras enlazadas.</p> <p>Afianzar estratexias para a realización de exames.</p>	10	13	X		
3	Making Choices	<p>Aprender vocabulario relacionado co consumismo, as palabras compostas e os sintagmas preposicionais.</p> <p>Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo sobre o efecto Diderot.</p> <p>Utilizar de maneira correcta as oracións de relativo especificativas e explicativas.</p> <p>Comprender a información clave dunha conversa sobre unha aplicación de móbil para a compra e venda de roupa de segunda man, e unha entrevista sobre maneiras de recadar cartos para obras benéficas.</p> <p>Falar sobre gastos mensuais e tomar decisións.</p> <p>Redactar un texto argumentativo, empregando as conxuncións copulativas, e as conxuncións e locucións adversativas correctamente.</p> <p>Pronunciar correctamente os ditongos contidos en palabras como sound e owner, e os sons consonánticos semellantes aos contidos en sharing, huge e purchase.</p> <p>Afianzar estratexias para a realización de exames.</p>	10	13		X	
4	Time Out	<p>Aprender vocabulario relacionado co mundo do espectáculo, os prefixos e os substantivos seguidos de preposición.</p> <p>Ler de maneira comprensiva e autónoma os comentarios dun foro sobre a música do século XX.</p> <p>Utilizar de maneira correcta os modais e os modais perfectos.</p> <p>Comprender a información clave de varios monólogos en que uns mozos/as falan sobre os festivais aos que asistiron e unha charla sobre a historia dos parques de</p>	10	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Time Out	<p>atraccións.</p> <p>Debater sobre distintas opcións e especular sobre unha fotografía.</p> <p>Redactar unha crítica cinematográfica, empregando pronomes persoais e demostrativos, e adxectivos posesivos.</p> <p>Pronunciar correctamente os sons /i:/ e /i / e os sons /s/, /z/ e /iz/.</p> <p>Afianzar estratexias para a realización de exames.</p>	10	13		X	
5	Take a Stand!	<p>Aprender vocabulario relacionado con temas sociais, expresións con far e phrasal verbs formados por tres palabras.</p> <p>Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo sobre un programa para a mocidade en Islandia.</p> <p>Utilizar de maneira correcta os condicionais e as oracións temporais.</p> <p>Comprender a información clave dun debate sobre temas de actualidade e unha presentación sobre o traballo de voluntario/a.</p> <p>De maneira oral, expresar opinións e debater sobre diferentes asuntos.</p> <p>Redactar un correo electrónico de queixa, empregando as conxuncións finais.</p> <p>Pronunciar correctamente os sons vocálicos semellantes aos contidos en palabras como kind, programme e decade e os sons consonánticos semellantes aos contidos en palabras como human, person e playing.</p> <p>Afianzar estratexias para a realización de exames.</p>	10	13		X	
6	Extreme Nature	<p>Aprender vocabulario relacionado co natureza, os prefixos negativos e os phrasal verbs.</p> <p>Ler de maneira comprensiva e autónoma un folleto dun museo.</p> <p>Utilizar de maneira correcta a pasiva e os verbos causativos.</p> <p>Comprender a información clave de entrevista radiofónica a un blogueiro de viaxes e varios monólogos e diálogos en que unhas persoas falan sobre distintos temas relacionados coa natureza.</p> <p>De maneira oral, describir un lugar e tomar decisións.</p> <p>Describir un lugar empregando adxectivos correctamente.</p> <p>Pronunciar correctamente os ditongos contidos en palabras como disappear e share, e os sons /j/ e /w/.</p> <p>Afianzar estratexias para a realización de exames.</p>	16	13			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Risk-Takers	<p>Aprender vocabulario relacionado con situacións perigosas, expresións con beyond e sufixos para a formación de adxectivos.</p> <p>Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo científico sobre as persoas que senten atracción polo risco.</p> <p>Utilizar de maneira correcta o estilo indirecto.</p> <p>Comprender a información clave dunha conferencia sobre o superheroe Daredevil de Marvel Comics e unha conversa sobre un programa educativo único en Estados Unidos.</p> <p>De maneira oral, alegar razóns e comparar imaxes.</p> <p>Redactar un texto narrativo, empregando as expresións temporais e os conectores de secuencia correctamente.</p> <p>Pronunciar correctamente os sons vocálicos semellantes aos contidos en palabras como cautious e respond, e practicar a fonética.</p> <p>Afianzar estratexias para a realización de exames.</p>	17	13			X
8	Mind games	<p>Aprender vocabulario relacionado con trucos e ilusións ópticas, binomios e frases idiomáticas.</p> <p>Ler de maneira comprensiva e autónoma un artigo de Internet en que varios mozos/as contan situacións en que foron enganados.</p> <p>Utilizar de maneira correcta o xerundio e o infinitivo.</p> <p>Comprender a información clave dun pódcast sobre o cerebro humano, e varios monólogos e diálogos sobre trucos e brincadeiras.</p> <p>De maneira oral, falar sobre lembranzas e amosar acordo ou desacordo.</p> <p>Redactar unha crónica dun evento ao que asistiran.</p> <p>Pronunciar correctamente os sons vocálicos semellantes aos contidos en palabras como fool e look, e practicar a entoación das oracións.</p> <p>Afianzar estratexias para a realización de exames.</p>	17	13			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Great Expectations	14

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais dos textos propostos		
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar criticamente os contidos dos textos propostos.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información.	Aplicar estratexias de reading e listening.	PE	30
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe e realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe facendo eses progresos e dificultades explícitos e compartíndoos.	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe.		
CA1.4 - Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel	TI	70



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión, reformulando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes e xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio	Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensíbel		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Aplicar estratexias de writing e speaking.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e os interlocutores, e ofrecendo explicacións, argumentos e comentarios	Participar en situacións interactivas con achegas propias.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Aplicar estratexias comunicativas.		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas frecuentes de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias de mediación lingüística.		
CA2.1 - Comparar e argumentar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa.		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, analizando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas.		
CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar a importancia da diversidade cultural.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto</li> </ul>

## Contidos

- (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto e organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.
- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. Alfabeto fonético básico.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, como facilitador do acceso a outras culturas e a outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	Into the Future	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar, mesmo en contornas moderadamente ruidosas a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais dos textos propostos	PE	30
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como de textos de ficción, sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar críticamente os contidos dos textos propostos		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información.	Aplicar estratexias de reading e listening		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe e realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe facendo eses progresos e dificultades explícitos e compartíndoos.	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe		
CA1.4 - Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados, adecuados á situación comunicativa e en diferentes rexistros sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel	TI	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, evitando erros que dificulten ou impidan a comprensión, reformulando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes e xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio	Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensíbel		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Aplicar estratexias de writing e speakingl.		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e os interlocutores, e ofrecendo explicacións, argumentos e comentarios	Participar en situacións interactivas con achegas propias		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma flexible e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Aplicar estratexias comunicativas		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas frecuentes de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias de mediación lingüística		
CA2.1 - Comparar e argumentar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, analizando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas		
CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar a importancia da diversidade cultural		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística .		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos; dar instrucións e consellos; narrar acontecementos pasados puntuais e habituais; describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e de predicións a curto, medio e longo prazo; expresar emocións; expresar a opinión; expresar argumentacións; reformular, presentar as opinións doutros e resumir.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto</li> </ul>

## Contidos

- Writing (expresión escrita): á marxe das estratexias comentadas anteriores, inclúense tamén as de transferencia, elaboración e autocorrección; o desenvolvemento da imaxinación e a creatividade, e a procura da información en diversas fontes. Os alumnos/as deberán atender tanto ao proceso de escritura como ao produto, tendo en conta as características propias do tipo de texto, utilizando o rexistro idóneo, os marcadores do discurso e os signos de puntuación adecuados, ordenando frases e parágrafos en textos coherentes mediante o uso de adxectivos, adverbios, expresións temporais, conxuncións e conectores, e respectando, ao tempo, a estrutura destes.

A intervención educativa na materia de Lingua Estranxeira desenvolverá o seu currículo e tratará de asentir de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos apartados seguintes e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Ademais, o profesorado motivará ó alumnado para aprender

inglés proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. Para iso, utilizaremos un método ben estruturado e de uso sinxelo que lles facilitará ós alumnos/as a adquisición das competencias clave recollidas na LOMLOE. Deberá estar enfocado ao desenvolvemento das destrezas ou competencias lingüísticas esenciais de Listening, Speaking Reading, Writing e Mediación. Un dos aspectos máis significativos do novo plan de estudos é o enfoque na mediación. A mediación implica crear conexións, comunicar información e facilitar a comprensión. O proceso de mediación pode ter lugar dentro da mesma lingua ou entre linguas diferentes. Ao emprender tarefas de mediación, os alumnos deben ser conscientes das necesidades das persoas para as que median. Isto axuda a desenvolver a intelixencia emocional, xa que deben mostrar empatía coas opinións e emocións das persoas coas que se comunican. A mediación non só implica ser competente nas habilidades lingüísticas; tamén significa ter estratexias adecuadas, por exemplo, para aclarar significados e comprobar a comprensión dos demais. En toda unha serie de contextos e situacións, a capacidade de mediación permite aos alumnos axudar ás persoas para comprender mellor.

Para que o método sexa completo, deberemos traballar e ampliar os coñecementos sobre temas socioculturais e interdisciplinares. Tamén, deberemos ter en conta o perfil de alumnos/as que temos nas clases para adecuar o noso método e atender á diversidade.

En resumen, ó longo do curso, nos centraremos no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva, achegándolle o mundo real á aula de Bacharelato para que o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e se exprese en inglés de forma sinxela e natural, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

**LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE.**

- O enfoque orientado á acción, tal e como propón o Marco común europeo de referencia, a través de deseños fundamentados na análise de necesidades, orientados a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente. Isto favorece unha perspectiva de «dominio» guiada polo que o alumnado «pode facer», no canto dunha perspectiva de «carencia», na que se acentúa aquilo que aínda non foi adquirido. Trátase de deseñar currículos fundamentados nas necesidades comunicativas do mundo real, organizados arredor das tarefas da vida real, coa guía dos criterios de avaliación que indican o grao de consecución dos obxectivos establecidos no propio currículo.
- A creación de situacións de aprendizaxe para que o alumnado poida poñer en práctica todos os seus coñecementos e as súas capacidades en situacións comunicativas propias dos diferentes ámbitos (persoal, social, educativo e profesional) e a partir de textos sobre temas de relevancia persoal ou de interese público que inclúan aspectos relacionados cos obxectivos de desenvolvemento sostible e cos retos e desafíos do século XXI.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado de diferentes niveis, de xeito individual así como en grupos, favorecendo desde o ámbito da comunicación a adquisición de competencias clave a través da resolución de tarefas de forma creativa e cooperativa, fomentando o espírito científico e o emprendemento (iniciativa persoal) e reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Deste xeito, o papel do profesorado pasa a ser o de acompañante e guía que axude a converter cada proxecto nunha experiencia positiva e enriquecedora.
- O deseño de actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado, o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- A énfase na prevención das posibles dificultades e na posta en

- práctica de mecanismos de re-forzo tan pronto como se detecten.
- A asociación da persoa docente coa lingua que imparte de xeito automático desde o primeiro momento para lle dar presenza á devandita lingua en todas as situacións comunicativas no ámbito escolar.
  - O uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos, programas internacionais, plataformas de intercambio e cooperación.
  - A utilización da comprensión oral coa axuda de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e preferiblemente auténticos.
  - O uso da lectura en lingua estranxeira a través de diversos soportes e atendendo á diversidade das aulas.
  - O manexo autónomo de técnicas de aprendizaxe e de estratexias de autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
  - A avaliación inicial e a formativa realizada ao longo do curso como elementos esenciais para a toma de decisións. A información proporcionada por estas permite modificar, de ser o caso, aqueles aspectos susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar posibles dificultades, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.
  - A utilización de instrumentos e procedementos de avaliación diversos e adaptados ás características do alumnado.
  - A coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para reforzar conxuntamente a aprendizaxe de calquera lingua, en canto á tipoloxía textual, á definición de termos lingüísticos e á utilización de terminoloxía similar. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as



imparte.

- A coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manual da editorial (Libro dixital e físico do alumnado)
Materiais de consulta de elaboración propia da profesora (para afianzar os coñecementos, colgados na AV)
Actividades interactivas e/ou físicas para a práctica e uso da lingua elaborados pola profesora (para traballar os contidos, colgados na AV)
Plataformas virtuais de aprendizaxe (Aula Virtual do IES)
Recursos audiovisuais auténticos (de diferentes editoriais, de Internet, colgadas na AV)
Publicacións dixitais sobre temas de actualidade
Equipos informáticos
Recursos DUA
Outros recursos e materiais: libros de lectura (adaptados), películas (con subtítulos ou non), outros recursos online. As actividades orales traballadas nas clases co auxiliar de conversa

Coa incorporación das TIC na aula, a educación pode empregar diferentes materiais dixitais que permiten ás profesoras deseñar as súas clases de forma personalizada e axustándose ás necesidades de cada momento. En 1º de Bacharelato, os materiais a empregar serán o libro de texto físico e dixital, así como tamén a aula virtual do centro, internet, ademais das fichas, presentacións ou material elaborado polas profesoras. O uso destes materiais dixitais é posible porque nas aulas dispomos de ordenador para o profesorado con conexión á internet e Encerados Dixitais Interactivos.

- O libro físico e dixital será empregado polos/as alumnos/as de forma complementaria, aínda que o físico será empregado preferiblemente nas clases, o virtual pode proporcionarlle unha práctica extra ós/ás alumnos/as.

- A Aula Virtual de cada profesora conterá material variado para traballar, repasar, afianzar ou ampliar os contidos traballados nas clases.
  - Internet sempre facilita un número de actividades moi interesantes tanto para o profesorado como para o alumnado. O importante é que o/a alumno/a se concentre no que fai na rede e aproveite o máximo as novas tecnoloxías.
  - As profesoras prepararán material variado para traballar na clase de forma xeral ou específico para os/as alumnos/as, segundo as súas necesidades (“remedial activities” o “follow-up activities”).
  - Ademais utilizaranse outros libros e revistas en inglés, libros de lectura obrigatorios (lecturas adaptadas), películas subtituladas etc. recursos online e actividades dispoñibles no fondo de actividades que o Departamento está a xerar para cada curso.
- Na nosa materia dispomos de multitude de materiais motivadores aínda que o pouco tempo ás veces non nos facilita o uso de todos eles. As profesoras elixirán aqueles materiais máis axeitados ós niveis dos seus alumnos/as. Ás veces non se poden utilizar os mesmos métodos en clases diferentes. En resumo, diremos que os recursos estarán baseados en conseguir unha ensinanza de calidade e co fin de motivar o aprendizaxe práctico da lingua estranxeira.
- Dada a situación especial producida nos cursos pasados co COVID-19, cremos que debemos falar da xestión dos materiais dependendo da situación na que nos atopemos. É dicir, nas clases presenciais priorizaremos o traballo co libro físico, e empregaremos o libro dixital para mandarlle tarefas ós alumnos/as para realizar na casa. Tamén empregaremos a aula virtual do centro (MOODLE) para mandarlles información, tarefas, explicacións, documentos, vídeos, cancións que consideremos interesantes para traballar con eles/as. Deste xeito, os

alumnos/as estarán afeitos a traballar con materiais físicos e dixitais ó mesmo tempo, sen que sexa un problema para o proceso de ensino-aprendizaxe da nosa materia.

#### OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS:

Á hora de traballar cos alumnos/as, outros dos recursos que dispomos este curso é a figura do auxiliar de conversa de linguas estranxeiras, persoa que será de vital axuda na nosa andaina.

No Bacharelato, o seu traballo será principalmente oral. Os alumnos/as participarán en diálogos curtos ó principio de curso para máis adiante ser capaces de elaborar conversacións algo máis longas. Poderán e deberán preparar traballos referidos á cultura anglosaxona e americana, que compararemos coa nosa cultura galega. Deste xeito, ambas partes beneficiaranse do intercambio de linguas e aspectos da vida do noso país e do país do auxiliar de conversa.

A profesora da materia regulará os materiais utilizados e ensinará ó auxiliar de conversa como debe facer para que sexa entendido de xeito fácil e motivador. Aínda que as notas de avaliación serán dadas polo profesor, o auxiliar de conversa poderá tomar apuntes referidos a distintos aspectos orais e escritos. É importante que el/ela poida dar unha valoración subxectiva de cada alumno. O traballo de tódolas profesoras incluído o auxiliar de conversa pode ser moi interesante para todos os que formamos parte da aprendizaxe da nosa materia. Ten que haber, por suposto, unha boa organización para que non se considere un pasatempo.

Este curso, teremos un auxiliar de conversa americano da beca Fulbright, polo que os alumnos/as desfrutarán da inmersión que el proporcionará sobre a cultura americana. Estamos seguros que deste xeito os nosos rapaces poden aprender os distintos rexistros da lingua inglesa.

O departamento considera que debemos conseguir que a lingua

oral teña moita importancia no currículo da nosa materia. Por iso, dámoslle tanta importancia a presenza do auxiliar de conversa. Ademais, facemos exames e probas orais, así como actividades e proxectos orais, para proporcionarlle ós alumnos/as situacións reais nas que poda traballar a lingua oral.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é unha parte moi importante no proceso educativo, que nos permite comezar a elaborar ou axustar a programación para adaptarse ao grupo de alumn@s. Grazas á avaliación inicial podemos observar as características, necesidades, posibilidades ou capacidades do alumnado do grupo. Ademais, tamén permite detectar desde o primeiro momento as dificultades de aprendizaxe de determinados alumn@s, o que nos permitirá comezar a establecer as medidas necesarias para axudarlles ao longo do curso escolar.

Na avaliación inicial, se realizará un exame escrito baseado nos contidos traballados no curso anterior. Neste exame comprobaremos os contidos básicos de gramática, vocabulario, comprensión escrita, comprensión oral e expresión escrita. Para completar a información sobre a avaliación inicial, tamén teremos en conta as cualificacións obtidas no curso ou cursos anteriores, así como a información recollida nos informes individualizados dos docentes anteriores da materia.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	16	17	17	100
Proba escrita	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	16	17	17	100
Táboa de indicadores	70	70	70	70	70	70	70	70	70

**Criterios de cualificación:**

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis, de acordo co Real Decreto 1105/2014.

Así mesmo, se terá en conta na avaliación a Nova Orde de Avaliación do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG núm. 29, de 11 de febreiro).

A avaliación será:

- Continua, xa que cando o progreso dun/ha alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, en canto se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de aprendizaxe.
- Progresiva, porque ó longo do curso, estase a traballar e avaliar todo o anteriormente traballado, algo esencial tendo en conta a natureza intrínseca da materia de Lingua Inglesa.
- Global, que amosará o nivel que posúe o alumno/a e será en base a Competencia Comunicativa, tendo en conta os seguintes criterios:  
Coñece e usa correctamente o vocabulario.

Usa as estruturas estudadas de xeito oral e por escrito.  
Comprende textos escritos e contesta a preguntas sobre eles, asemade pode resumilos.  
Comprende textos orais e é capaz de responder cuestións sobre eles.  
Produce textos orais e escritos usando vocabulario da unidade e seguindo as instrucións dadas en base a estruturas gramaticais, formato e temática evitando os erros básicos que se enumeran máis abaixo.  
Uso adecuado de conectores ou linking words.

Ao rematar o Bacharelato, os alumnos/as realizarán unha avaliación individualizada na que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación, entre outras, coa materia de inglés como primeira lingua estranxeira.

Os alumnos/as que non superasen esta avaliación (cunha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10), ou que desexen elevar a súa cualificación final de Bacharelato, poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, previa solicitude, tomándose en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias ás que se concorreu. Celebraranse dúas convocatorias anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN.

Durante cada avaliación faranse un máximo de dous exames. Os controis, as probas, as chamadas de clase, os proxectos, as presentacións orais, etc. que se fagan, teranse en conta para a nota do alumnado, pero non contan no número de exames a marcar no calendario de exames oficial a presentar en Xefatura de Estudos.

Criterios de avaliación e promoción.

Para obter a nota en cada avaliación seguirase o seguinte criterio da avaliación:

Grammar 15%  
Vocabulary 5%  
Listening 10%  
Reading 20%  
Writing 25%  
Speaking 20%  
Phonetics 5%  
TOTAL 100%

Así mesmo, se terán en conta os seguintes CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- A cualificación será sempre global, amosará o nivel que posúe o alumno e será en base a Competencia Comunicativa, como se especifica anteriormente.
- Os alumn@s deberán facer todas e cada unha das partes/destrezas das que constan os exames, de non ser así serán penalizados nas notas da avaliación.
- A non asistencia a un exame deberá ser oficialmente xustificada e tentará facerse xunto con outro grupo. De non ser posible, buscarase outra data que non interfira coa marcha da clase, polo que non está garantida a realización da proba de Listening. O departamento non pode preparar nin pode facer exames de Listening para un único alumno.
- O exame da 3ª Avaliación Ordinaria será global, incluíndo materia das avaliacións anteriores para poder comprobar o grao de adquisición da Competencia Comunicativa en Lingua Inglesa.
- Dado que o programa Xade non admite decimais, a nota das Avaliacións que aparecerá no Xade será a obtida na proba ou probas escritas e orais, nos controis, nos traballos realizados polo alumn@ nas avaliación tendo en conta a unidade, é dicir, NON se terán en conta os decimais.
- A nota da avaliación será positiva sempre e cando o alumno/a obteña unha cualificación igual ou superior a 5.
- A nota da Avaliación Final Ordinaria do alumnado será a media

ponderada das notas reais obtidas na 1<sup>o</sup>, 2<sup>o</sup> e 3<sup>o</sup> avaliación (notas reais obtidas nas avaliacións antes do redondeo feito para por a nota no Xade). A ponderación será a seguinte: a 1<sup>a</sup> avaliación valerá un 20%, a 2<sup>a</sup> avaliación un 30% e a 3<sup>a</sup> avaliación un 50%.

- A nota que aparecerán no programa Xade (que non admite decimais), e unicamente na Avaliación Final Ordinaria, será redondeada positiva ou negativamente en función da nota real obtida pol@ alumn@ cos seus decimais, necesitando obter un 0,6 nos decimais para poder redondear positivamente á unidade superior.

- No caso de non superar a Avaliación Final Ordinaria, esta poderá ser recuperada realizando un exame global, dada a continuidade da materia, nas datas propostas pola Xefatura de Estudos que corresponden á Avaliación Final Extraordinaria.

- No exame da Avaliación Extraordinaria de Xuño NON se terá en conta nin o Speaking, nin o Listening, e conterá os seguintes apartados: Grammar (20%), Vocabulary (20%), Phonetics (5%), Reading (25%) and Writing (30%).

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓNS.

No proceso de avaliación identificamos cinco niveis de cualificación, que seguen a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior:

- Insuficiente (IN): Non conseguido (1-4);
- Suficiente (SU): Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos (5);
- Ben (BI): Conseguido con nivel medio (6);
- Notable (NT): conseguido con nivel alto (7-8);
- Sobresaliente (SB): Conseguido totalmente (9-10).

Estes criterios de cualificación deben aplicarse tendo en conta os criterios de avaliacións detallados anteriormente.

### OUTRAS CONSIDERACIÓNS SOBRE OS EXAMES/PROBAS/TAREFAS E A SÚA CUALIFICACIÓN:



O Departamento considera que hai unha serie de consideracións que os/as alumnos/as deben ter en conta á hora de realizar correctamente os exames, as probas ou incluso as tarefas para obter unha boa cualificación. Estas son:

- Na pregunta de Pronunciation, o alumno debe demostrar que sabe distinguir elementos básicos da pronuncia do inglés, como son consoantes, vogais, ditongos, terminacións, ...
- Na pregunta de Transformation, o alumno ten que modificar parte ou o total da frase con outras palabras pero tendo un igual ou similar significado.
- O Writing pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. Debe cumprirse os seguintes parámetros:
  - Alcance: centrarse no tema proposto, transmitindo ideas claras e usando unha considerable variedade de recursos. Sabe usar o rexistro lingüístico adecuado á situación.
  - Riqueza e control do vocabulario.
  - Corrección gramatical.
  - Fluidez (evitando cortes na comunicación ou malentendidos)
  - Cohesión. (Linking words)
  - Coherencia (texto organizado, coherente e ben estruturado)
- A pregunta do Summary será valorada segundo os seguintes criterios:
  - O/a alumno/a identificou as ideas principais do texto e resumiunas sen incluír información secundaria ou anecdótica.
  - O/a alumno/a expresou estas ideas en aprox. 50 palabras, sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema.

#### ERROS BÁSICOS QUE SE PENALIZAN ESPECIALMENTE A CRITERIO DO PROFESOR/A:

O Departamento considera que hai unha serie de erros básicos que non se poden permitir, polo que deben ser penalizados de forma extraordinaria, modificando a nota do exame e/ou

avaliación.

Estes erros son:

- Omitir o suxeito diante dun verbo.
- Omitir o -s da terceira persoa singular do presente simple.
- Confundir auxiliar do/does.
- Usar adxectivos en plural ou na orde incorrecta.
- Usar posesivos/demostrativos incorrectamente.
- Presentación escrita desordenada, con riscaduras, de aspecto descoidado, sen marxes e parágrafos destacados, etc.
- Falta de coherencia e non axustarse ó tema demandado tanto na escrita coma nas probas orais.
- Copia literal das palabras, expresións ou incluso frases do texto a traballar.
- Respostas curtas no traballo de comprensión de texto.
- Reincidencia de erros de pronunciación básica.
- Falta de naturalidade e fluidez na presentación oral
- Non seguir as instrucións nas clases de conversa.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Para poder avaliar ós alumn@s, o profesorado precisa unha serie de instrumentos que lle permitan obter uns datos concretos. No noso departamento propomos os instrumentos que cremos máis indicados para a obtención destes datos, como poden ser:

- Probas escritas e orais, para avaliar a comprensión e expresión escrita e oral, con diferentes tipos de preguntas (de resposta curta, de texto incompleto, de correspondencia o emparellamento, de opción múltiple, de verdadeiro ou falso (con xustificación), de analoxías/diferencias, de interpretación, etc...
- Caderno de clase, onde podemos observar o traballo dos alumn@s ó longo do curso, sobre a gramática, vocabulario, reading, listening e writing.
- Probas de ensaio e composición (redaccións escritas ou monólogos orais), que os alumn@s presentarán ó longo do curso para traballar a expresión tanto escrita como oral.

- Ferramentas dixitais, como por exemplo Kahoot, Quizziz, Google forms, Liveworksheets, etc... que rexistran o traballo dos alumn@s, e que poden ser empregados como cuestionarios de repaso, recapitulación o de ampliación de contidos.
- Observación, realizada ó longo do curso, a través dun diario no que se levará rexistro da realización das distintas tarefas encomendadas (tanto as realizadas na clase como as realizadas na casa), da realización das tarefas dixitais realizadas a través da AV (tarefas, foro, probas...), do uso do inglés como linguaxe de comunicación na aula, da mostra de interese pola materia participando activamente na clase, etc...

#### CALENDARIO DE AVALIACIÓNS:

O calendario das sesións de avaliación é proposto polo equipo directivo ó principio de curso. Este é o seguinte:

- 1ª avaliación: 28, 29 e 30 de Novembro.
- 2ª avaliación: 19, 20 e 21 de Marzo.
- 3ª avaliación: 11 e 12 de Xuño.
- Avaliación extraordinaria: 25 e 26 de Xuño.

O departamento de inglés propón as seguintes datas para a realización dos exames de avaliación:

- 1ª avaliación: do 13 ao 17 de Novembro (tendo en conta que nesta semana se lle adicarían dúas sesións a parte escrita), e a partires desta semana teríamos unha semana para realizar os exames orais.
- 2ª avaliación: do 4 ao 8 de Marzo (semana de exames escritos), e a semana posterior para a realización dos exames orais.
- 3ª avaliación: do 27 ao 31 de Maio, semana para os escritos, e seguinte para os orais.
- Avaliación final: do 17 ao 20 de xuño, na que se faría o exame de Avaliacion Extraordinaria.

#### **Criterios de recuperación:**

No caso de non superar a Avaliación Final ordinaria, esta poderá ser recuperada realizando un exame global, dada a continuidade da materia, nas datas propostas pola Xefatura de Estudos que corresponden á Avaliación Final Extraordinaria.

No exame da Avaliación Extraordinaria de Xuño NON se terá en conta nin o Speaking, nin o Listening, e conterá os seguintes apartados: Grammar (20%), Vocabulary (20%), Phonetics (5%), Reading (25%) and Writing (30%).

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

En 1º de Bacharelato non hai pendentes

### **5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

Este apartado non procede nesta materia.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A atención á diversidade é un dos aspectos que xenera cambios na programación dunha materia para que os alumn@s poidan alcanzar os obxectivos marcados. Na nosa materia de inglés, debido ó feito de que estamos a traballar unha lingua estranxeira, debemos ter en conta e adaptarnos ás necesidades que presente cada un dos alumn@s dentro de cada grupo-clase.

Este ano, as realidades que atopamos nas aulas, preséntanos unha gran diversidade de necesidades, niveis de competencia ou capacidades que obriga ó profesorado a pre-avaliar as condicións do alumnado antes de comezar a programar (de ahí, a importancia da avaliación inicial).

Pero, necesitamos ter en conta certas situacións que se poden dar para adaptar non só a nosa metodoloxía senon tamén os

recursos, os materiais e outros aspectos para atender adecuadamente ó alumnado de cada grupo:

- Ao alumnado con problemas físicos se lles adaptaría o espazo e os materiais a súa disposición segundo as necesidades de cada alumn@.

- Ao alumnado con problemas para seguir o desenvolvemento das clases se lles proporcionarán actividades adaptadas ao seu nivel para facilitarlle o seguimento dos contidos (tarefas de reforzo).

- Ao alumnado con nivel superior ao do grupo ou aso que terminen antes se lles proporcionarán actividades complementarias lúdicas online ou en papel (sopas de letras, crucigramas...) dun nivel maior para mantelos motivados (exercicios de extensión).

- Ao alumnado inmigrante que acaba de chegar ó centro de diferentes países, que en moitos casos presentan un nivel de competencia moi inferior ó grupo-clase, cos que tamén haberá que ser bastante sensible á súa situación (chegada de campos de refuxiados, con problemas familiares, familias separadas, escapando de guerras, ...).

- Ao alumnado con problemas especiais que precisan de adaptación significativa dos contidos da materia (con asesoramento do Departamento de Orientación) e/ou dos recursos, materiais, ...

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero.			X		X		X	
ET.7 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde					X		X	X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X		X					
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.		X						
ET.11 - O emprendemento social e empresarial							X	
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico		X			X	X		

**Observacións:**

Os elementos transversais están constantemente presentes no desenvolvemento da nosa práctica docente nas aulas e na aportación que o departamento de inglés realiza, a través de actividades propostas para integrar a toda a comunidade educativa. Tamén intentaremos tratar sempre temas que hoxe en día teñen máximo interese como: o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a educación en valores, o respecto, a igualdade de xénero, a non violencia, o acoso na escola e nas relacións entre adolescentes, a violencia de xénero, a igualdade entre homes e mulleres, o uso de internet de forma consciente con fins educativos, a contorna e medio ambiente e as medidas para melloralo, a tolerancia cas distintas relixións e normas culturais de cada país, etc. Traballaremos o emprendemento, a través do traballo en equipo na aula, a xestión de recursos persoais e as habilidades sociais, como a cooperación e a negociación. Alentarase ao alumnado para adoptar procedementos que lles permitan utilizar as súas propias iniciativas e habilidades de toma de decisións durante a planificación, organización e xestión do seu traballo, que poderán utilizar en contextos sociais e comerciais. As tarefas e proxectos que requiren que o alumnado traballe xunto requiren cooperación, flexibilidade e xestión do tempo. A maiores, fomentaremos a educación cívica e constitucional. A participación activa na sociedade e a exitosa vida laboral son parte integral da competencia social. Desenvolver unha conciencia de respecto por un mesmo e polos demais é imprescindible. A educación cívica refírese á conciencia de conceptos sociais e políticos, como democracia, igualdade e xustiza, que permiten ás persoas participar activamente en sociedades democráticas. As tarefas que personalizan a aprendizaxe pedíndolles aos alumnos que respondan preguntas sobre si mesmos ou expresen as súas opinións tamén son relevantes para a

## adquisición da competencia social.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º trimestre: Clases culturais para traballar: Halloween, Thanksgiving e Christmas	O alumnado terá a oportunidade de aprender vocabulario e expresións relacionados coas festividades traballadas, suscitando debate e comparación coas festividades propias da nosa cultura	X		
2º trimestre: Clases culturais para traballar: Presidents' Day, Saint Patrick's Day	O alumnado terá a oportunidade de aprender vocabulario e expresións relacionados coas festividades traballadas, suscitando debate e comparación coas festividades propias da nosa cultura		X	
3º trimestre: Clases culturais para traballar: Easter, Summer solstice	O alumnado terá a oportunidade de aprender vocabulario e expresións relacionados coas festividades traballadas, suscitando debate e comparación coas festividades propias da nosa cultura.			X
Outras posibles actividades ofertadas por entidades culturais locais ou autonómicas ó longo do curso.	Actividades tipo proxección de películas en versión orixinal, representacións teatrais, ... (pendentes de confirmar).	X	X	X

#### Observacións:



No curso 2023-24, o Departamento de Inglés ten pensado participar en diferentes actividades complementarias e extraescolares para realizar co alumnado de todo o centro.

Ao longo do curso se levarán a cabo diversas actividades complementarias para cubrir diversos aspectos culturais da cultura anglosaxoa, actividades relacionadas con Halloween, Thanksgiving (Acción de Grazas), Christmas (Nadal), Saint Patrick's Day, Easter, etc... Para o desenvolvemento destas actividades complementarias contaremos coa colaboración do auxiliar de conversa do centro. Dado a nosa relación coa Escola Oficial de Idiomas de Ourense (unha das sedes imparte docencia no noso centro polas tardes), organizaremos algunha actividade conxunta con motivo da celebración das festividades anglosaxoas.

Tamén, se participará en diferentes actividades propostas por diferentes entidades locais ou autonómicas para asistir á festivais, representación de obras teatrais, etc... nas que se empregue a lingua inglesa como lingua vehicular (con datas por determinar).

Unha destas actividades é a sesión de teatro escolar organizada polo Concello de Ourense no Auditorio, que soe celebrarse no mes de Febreiro (dependendo da temática da obra de teatro que se ofrezca e a dispoñibilidade do profesorado, o departamento decidirá o alumnado que poda asistir).

Gustaríanos participar na actividade de teatro inmersivo en lingua inglesa organizado con AFUNDACIÓN (I spy - Escolares Afundación (afundacion.org)). Celebrarase o día 17 xaneiro, no Auditorio de Ourense, na sesión das 12:00 h (o prezo é de 2,50 € cada escolar).

Este ano, a través da Escola Oficial de Idiomas de Ourense, acolleremos a dous profesores dun centro de Turquía que virán a dar unhas charlas educativas sobre o SteamBach, o Erasmus

+, e os proxectos de investigacións de Inglés, de Tecnoloxía, de Matemáticas e de Robótica que están a realizar na súa escola de excelencia en Turquía. Se realizarán o 21 de Novembro de 16:00 a 18:30, no salón de actos do IES.

Ademais, como todos os anos, o Departamento de Inglés realizará a saída cultural a Londres no mes de maio, co alumnado de 1º de BAC, cunha duración de 4 días.

Non podemos esquecer que, este ano realizaremos un intercambio lingüístico a un centro do Reino Unido cos 20 alumn@s seleccionados de 1º de BAC, cunha duración estimada de unha semana. E por tanto, recibiremos tamén un grupo de alumnos estranxeiros no noso centro unha semana.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Metodoloxía empregada
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Fomento e animación á lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.

Clima de traballo na aula
Proporcione información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

**Descrición:**

O proceso de ensino-aprendizaxe require un seguimento continuo dos seus avances co obxectivo de detectar a tempo aquelas iniciativas ou metodoloxías que no están obtendo o resultado desexado, e corrixir aqueles faios ou erros que se atopen, ou axustar a intervención educativa de acordo cos aprendizaxes reais do alumnado. Esta avaliación debe aplicarse tanto ó aprendizaxe dos alumn@s como á revisión da propia práctica docente. A avaliación dos profesor@s, lonxe de pretender ser unha crítica ó seu traballo ou limitar a súa liberdade dentro da aula, configúrase como un proceso para mellorar o desempeño da súa labor e garantir que se alcanzan os obxectivos educativos que se marcaron para a materia. E é o alumn@ o que debe expresar a súa apreciación e valoración sobre o proceso. Podemos dicir que, a finalidade da avaliación educativa é mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumn@, o funcionamento do grupo-clase e a nosa propia práctica.

Á hora de avaliar a actividade docente, se lle prestará atención tanto á competencia do profesional (a súa formación na materia que imparte e as ferramentas pedagóxicas que pon que práctica) como a súa labor efectiva na aula (a planificación das unidades, os recursos e metodoloxías que pon en práctica, como avalía e da seguimento ós seus alumn@s, etc...).

As ferramentas e métodos máis habituais para avaliar a labor docente son:

- Que os alumn@s completen un cuestionario con preguntas sobre a labor do profesor@ (motivación, actividades, clima da aula, diversidade,...)

- Que os profesor@s realicen un seguimento dos resultados académicos dos grupos que ten asignados.
  - Que os propios docentes fagan unha reflexión privada con énfase no análise do seus resultados e propostas de mellora.
- Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores (e outros) coa fin de avaliar a práctica docente.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos. Por iso, para poder realizar unha avaliación plena de todo o proceso, como mínimo, se avaliarán os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento da programación nos diferentes grupos-clases.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais de cada grupo.
- Adecuación de medios, recursos e metodoloxía coas necesidades reais dos grupos.

Para isto, farase un seguimento da programación para cada grupo nas reunións de Departamento realizadas periodicamente. Deste xeito, podemos estandarizar a programación nos diferentes grupos.

Nas reunións, os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento

farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos

items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesión de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## 9. Outros apartados